

# XULIO GIL

SÍMBOLOS DO CONFLITO

DO 2 DE FEBREIRO AO 27 DE MARZO



Dossier Xulio Gil PO 48-2023

EDIFICIO CASTELAO  
museo.depo.gal

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

MUSEO  
PONTEVEDRA

DOSSIER PARA  
MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN

## Símbolos do conflito. Fotografías de Xulio Gil

Do 2 de febreiro ao  
27 de marzo

Museo de  
Pontevedra, Edificio  
Castelao

Comisario: Xosé Lois  
Gutiérrez Faílde

O Museo de Pontevedra reúne na exposición '**Símbolos do conflito. Fotografías de Xulio Gil**' as propostas conceptuais de Xulio Gil no período 2020-2022. Trátase dun achegamento a unha figura esencial da fotografía de autor en Galicia que nas últimas dúas décadas refinou as súas liñas de traballo e investigación estética anteriores.

Xulio Gil naceu en Ourense en 1954 e reside en Vigo. Matemático de profesión, desenvolveu desde mediados da década de 1970 unha intensa carreira como fotógrafo, participando activamente nas transformacións da fotografía galega contemporánea. A exposición '**Símbolos do conflito**' achégase á **producción artística de Xulio Gil no que vai de século**, confrontando o seu corpo de traballo persoal e o seu impacto na definición do que entendemos como fotografía contemporánea.

Nestes últimos anos, a obra de Xulio Gil foi mudando ata conformar un universo creativo moi orixinal. Introduciu de maneira sistemática a fotografía en cor, organizou a produción a partir de series fotográficas e afondou en pescudas estéticas que van da reflexión desde o imaxinario vernáculo ao establecemento dunha **narrativa máis centrada na conceptualización** que na indagación formal.

As obras presentes na exposición organízanse en 11 series desenvolvidas do ano 2000 en diante:

*Fénix* (2000)

*Retablos esenciais* (2007-2015)

*Trompos* (2008)

*Matrilineal* (2009)

*Capela dos arcos* (2010)

*Capela dos homes* (2010)

*Cepas vellas* (2016)

*Cúpulas* (2017)

*Moradas* (2018)

*Penumbra da sal* (2019)

*Gastro centro / Gastrofuturo*  
(2020-2021)



*Demo con rosetón*  
Da serie *Gastro tempos*

## SOBRE XULIO GIL

Xulio Gil é un fotógrafo comprometido coa expresión plástica nunha **ben dilatada carreira** que comeza no ano 1974 e que segue a sorprendernos coa súa incansable busca.

Nace en Ourense da súa nai Etelvina, que xa vivía no Calvario en Vigo co seu pai Julio Gil Mera, pero Ourense non só é unha casualidade obstétrica, xa que pasando os veráns no Viñal en Ambía de Baños de Molgas coas súas tías e os seus avós Carolina e Adolfo conforma o seu gusto polo rito, a comida, a solidariedade os contos, os elementos materiais esenciais, a lingua, o respecto polo

que o territorio propón... que máis adiante aparecerán na súa obra.

Sempre atento á innovación técnica, non se afastou da tarefa de igualar a fotografía ás outras artes. Así, no ano 1976 expón na praza da Princesa as primeiras fotografías cunha proposta netamente conceptual. Subscribe o compromiso 37 anos máis tarde, cando recolle o **Premio da Crítica de Galicia das Artes Plásticas 2013**, recoñecendo que é un premio tamén para toda a fotografía.



Da serie *Cepas vellas*

Publica obras de autor con X. Luis Méndez Ferrín, Carlos Casares, Xela Arias; libros de cidades para Engaiolarte, libros de arte para Hércules Edicións e Nova Galicia Edicións coa colección Artistas Galegos, dirixida por Antón Pulido.

Realizou exposicións individuais en toda Galicia, en Madrid, en Barcelona e no norte de Portugal: *Antropolóxicas*, promovida por Enrique Acuña no Museo de Pontevedra no ano 1988, *Fénix*, *Retablos esenciais*, *Trompos*, *Retablos entremetidos*, *Matrilinial* e *Cea refulxit* son algunhas delas. A súa obra estivo tamén presente en mostras comisariadas por Enrique Acuña coma *Capela dos arcos* ou *Apostolado galaico*, ademais das recentes *Retrato maior do cine galego* e *Manual de dirección*.

Pero o mellor aínda está por vir...

M. Isabel Santos Dávila



*Campo de  
Valdomar. 1999-  
2000*  
Da serie *Fénix*



*Teorema de  
Napoleón*  
Da serie *Gastro  
Cotán*

## CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Con motivo da exposición, o Museo de Pontevedra editará unha publicación monográfica con todas as fotografías incluídas na mostra e textos que as contextualizan.

Trátase dunha edición bilingüe, en galego e en castelán, coordinada polo comisario Xosé Lois Gutiérrez Failde e con textos do propio comisario e de Xan Carballa, Domingo Docampo, Antón Abel Roríguez e María Isabel Santos Dávila. Inclúe tamén unha conversa entre Gutiérrez Failde e Xulio Gil.

### Extractos do catálogo

Plántome diante da foto que me impresiona. Cabo da bala recuperada na exhumación do sindicalista da CNT esténdese un tubérculo de pataca, o Fénix que renace sempre. Mais onde Xulio detalla unha cousa eu imaxino folerpas de ADN e a imaxe dunha galaxia. Onde os petróglifos despregados en Capelas, véñenme á cabeza dispares explicacións sobre o sentido das simétricas fendas na pedra; onde panais de mel, uvas ou fotografías macroscópicas de plantas, a desolación do universo ou a esperanza na humanidade en progreso.

Esta mostra abrangue unha escolma depurada de todas as mostras de Xulio no que vai de século; delas só suprimiu á mantenta os retratos e quedou coas propostas conceptuais. Adoro contemplar as exposicións en solitario, deixarme levar polas emocións, mais perderíame boa parte do sentido e do gozo sen as explicacións pormenorizadas de Xulio: os bodegóns recreados do toledano Juan Sánchez Cotán, co



*Retablo da pataca e do meu pai*  
Da serie *Retablos esenciais*

orixinal pano de fondo das representacións da xeometría sintética, fanse gorentosas, a recta de Euler, o teorema de Napoleón... e quedo pampo, coma cando era estudante e se despregaban aos meus ollos ignorantes as explicacións dos bos mestres.

“A modo de preámbulo”  
Xan Carballa Alonso

Os motivos; os temas; as formas e signos; o aparato simbólico que as fotografías de Xulio Gil repertoriza son inalienables do hábitat do propio artista. Digamos que na fotografía de Xulio Gil a adscrición ao lugar é consubstancial, consciente; non retórica. Esta determinación queda fóra dun nesgo psicopolítico. Hai unha interpretación motivada na construción desa ligazón que Xulio Gil trama a través da súa obra fotográfica mediante o capital simbólico do noso imaxinario. Insisto na pertinencia de atribuírle estas indicacións arredor de dous traballos en particular (*Retablos Esenciais* e *Capelas*), pero esa interpelación ao substrato cultural galego podería facerse extensiva a gran parte da súa máis recente produción, tamén.

“Asimilación/apropiación”

[...]

O autor afirma así ante o espectador a presenza real e física da obra. Esta mise-en-scène está orientada á intensificación da experiencia intersubxectiva entre espectador e obra, á radicalización dun interese estritamente comunicativo. Estas adecuacións da obra proporcionan ao aparato visual das fotografías de Xulio Gil unha conexión intrínseca entre narrativa, imaxe fotográfica (forma) e definición estética. As buxainas que xiran nas fotografías son torneados e fotografados logo co



resto na montaxe narrativa en *Trompos*; as cabanas enxames que monta para a serie *Moradas* (2018); os fondos que locen na serie *Gastro* son executados polo propio autor quen, logo os integra no aparato visual da imaxe, os pétalos que completan as *Capelas* pertencen ás propias roseiras do xardín que agarimosamente coida o artista en Covelo...

“Composición”  
Xosé Lois Gutiérrez  
Faílde

Cando eu comecei a fotografía, cando tiña dezanove anos, o que quería facer coa cámara era o que quería facer pintando. Os autores que máis me influíron na miña carreira foron, sobre todo, pintores, non fotógrafos. Sempre pensei eu en ir buscar a foto, non me gustaba a fotografía máis directa. Sempre pensei a imaxe previamente á toma, feito que curiosamente está a cambiar nestes últimos anos. Interésame moi pouco cando vou facer as fotos, o “documento”. Interésame a antropoloxía no sentido de que podo concibir ese espazo como un escenario onde podo dirixir a vista con liberdade, propoñéndome retos técnicos ou xogos experimentais. E aí entra a conceptualización. A conceptualización da fotografía sempre estivo presente no meu traballo, dende o principio; con mellor ou peor fortuna, xa que o que importa é o resultado plástico, que non deixa de ser unha visión —parcial— do mundo que eu vexo.

[...]

Creo que a fotografía, iso que chamamos fotografía de autor, acaba. Eu tiven a sorte de participar no nacemento desa fotografía en Galicia, pero penso que vou ser testemuña do seu final. E penso que a propia tecnoloxía é parte dese proceso. O mesmo que a fotografía matou certa pintura documental, os novos medios van matar a fotografía documental. A evolución dos dispositivos actuais permite un grao de captura e resolución que anula o principio de “instante decisivo”. A fotografía



estase convertendo en imaxe en movemento. Agora, calquera usuario doméstico desta tecnoloxía tende máis a un rexistro de vídeo que á propia fotografía. O labor do fotógrafo, tal e como o podemos entender hoxe, vai ser só a elección do punto de vista. Prescindirase axiña dese principio convencional da fotografía baseado na elección do instante. Manterase a capacidade de sorpresa que a propia imaxe ten, pero probablemente como xa é unha imaxe en movemento é posible que prescinda incluso da materialización en papel. Por facer un símil, entenderemos que fotografía materializada así terá que ver coa novela e non coa poesía. Moi poucos nun futuro necesitarán da reprodución en papel, na miña opinión.

"Teimas e derivas"  
Xulio Gil

